

NOTA / NOTE

Temnothorax recedens (Nylander, 1856) (Hymenoptera, Formicidae) en Galicia (NO Península Ibérica)

Fede García

Rúa Blesa, 45, 5º 3º. E-08004 Barcelona. e-mail: chousas2@gmail.com

Resumo: Preséntase unha nova cita para a formiga mediterránea *Temnothorax recedens* (Nylander, 1856) (Hymenoptera, Formicidae) no val do río Sil (Ourense). Ademais faise un resumo da súa bioloxía e represéntanse nun mapa as súas citas ibéricas. Rexístranse tamén da mesma localidade outras especies de formigas, algunha delas de interese para a fauna galega.

Palabras chave: Hymenoptera, Formicidae, *Temnothorax recedens*, faunística, Galicia, NO Península Ibérica.

Abstract: *Temnothorax recedens* (Nylander, 1856) (Hymenoptera, Formicidae) in Galicia (NW Iberian Peninsula). A new record for the Mediterranean ant *Temnothorax recedens* (Nylander, 1856) in the valley of the River Sil (Ourense) is presented. In addition, a summary of its biology is made and its Iberian records are represented in a map. Some other species of ants are also recorded from the same locality, some of them of interest to the Galician fauna.

Key words: Hymenoptera, Formicidae, *Temnothorax recedens*, faunistics, Galicia, NW Iberian Peninsula.

Recibido: 4 de noviembre de 2021

Publicado on-line: 19 de noviembre de 2021

Aceptado: 10 de noviembre de 2021

Temnothorax recedens (Nylander, 1856) é unha especie de formiga cunha distribución ampla arredor do mar Mediterráneo (Salata *et al.*, 2018). Dentro do xénero, o seu grupo de especies caracterízase polo perfil sinuoso do mesosoma e pola pilosidade longa (Salata *et al.*, 2018; Seifert, 2018). Na Península Ibérica non hai outra especie semellante, aínda que no norte de África e o Mediterráneo oriental o grupo está máis diversificado (Cagnian & Espadaler, 1997; Salata & Borowiec, 2015).

Forma sociedades monoxínicas, cun máximo dunhas 120 obreiras (Dejean & Passera, 1974). Vive en hábitats diversos como aciñeirais, piñeirais, prados secos, matos mediterráneos, maquis ou áreas xipsófilas (ver p. ex.: Restrepo *et al.*, 1985; De Haro & Collingwood, 1988; Sommer & Cagniant, 1988; Roig *et al.*, 2008; Salata *et al.*, 2018). Aniña directamente no solo, baixo pedras ou en fendas de rocha (Sommer & Cagniant, 1988; Salata *et al.*, 2018) e ocasionalmente atópase en bugallos (Espadaler & Nieves, 1983).

Os únicos rexistros galegos anteriores de *T. recedens* son de Kiko Gómez en dúas localidades costeiras da provincia de Pontevedra (Antweb, 2021), polo que a presente cita confirma a súa presenza tamén no interior de Galicia.

Material estudado:

Ourense: A Trolla, Carballada de Valdeorras, 30-VI-2021. 480 m. 42°23'42"N 6°53'56"O. Hábitat aberto, con matos e herbas. Niño en fenda de rocha. Con sexuados.

Outras especies presentes nesa localidade foron *Camponotus cruentatus* (Latreille, 1802) (en voo nupcial), *Camponotus piceus* (Leach, 1825), *Crematogaster scutellaris* (Olivier, 1792), *Iberoformica subrufa* (Roger, 1859) (segunda cita para Galicia) e *Tetramorium forte* Forel, 1904.

Temnothorax recedens está moi estendida e é abundosa nos hábitats adecuados na parte correspondente á provincia bioxeográfica mediterránea da Península Ibérica. O mapa da Fig. 2 fíxose empregando a base de datos de antmaps.org (Guénard *et al.*, 2017).

O val do Sil é o fogar coñecido dalgunhas formigas raras en Galicia, de distribución mediterránea e que no área de estudo estarían no límite da súa área de distribución, pode que con poboacións escasas e illadas. Por exemplo, a que é obxecto desta nota, pero tamén *I. subrufa* e *Goniomma hispanicum* (André, 1883) (García, 2018) ou *Colobopsis truncata* (Spinola, 1808) (García, 2020).

Bibliografía

- Antweb. 2021. *Temnothorax recedens* (Nylander, 1856). Recurso disponible en liña en: <https://www.antweb.org/browse.do?genus=temnothorax&species=recedens&rank=species&countryName=Spain> [Acceso 12-IX-2021].
- Cagniant, H.; Espadaler, X. 1997. Les *Leptothorax*, *Epimyrma* et *Chalepoxenus* du Maroc (Hymenoptera: Formicidae). Clé et catalogue des espèces. *Annales de la Société entomologique de France (n.s.)*, **33**: 259-284.
- De Haro, A.; Collingwood, C.A. 1988. Prospección mirmecológica por las sierras de Aitana-Alfaro y los cabos de la Nao-San Antonio (Alicante) y su comparación con la fauna balear y de Córcega. *Orsis (Organismes i Sistemes)*, **3**: 165-172.
- Dejean, A.; Passera, L. 1974. Ponte des ouvrières et inhibition royale chez la fourmi *Temnothorax recedens* (Nyl.) (Formicidae, Myrmicinae). *Insectes Sociaux*, **21**(4): 343-356.
- Espadaler, X.; Nieves, J.L. 1983. Hormigas (Hymenoptera, Formicidae) pobladoras de agallas abandonadas de cinípidos (Hymenoptera, Cynipidae) sobre *Quercus* sp. en la Península Ibérica. *Boletín de la Estación Central de Ecología*, **12**(23): 89-93.
- García, F. 2018. Dez especies de formigas (Hymenoptera: Formicidae) novas para Galicia (NO Península Ibérica). *Arquivos Entomolóxicos*, **19**: 217-224.
- García, F. 2020. *Colobopsis truncata* (Spinola, 1808) en Galicia, NO Iberia. Estudo morfolóxico, descrición da larva e distribución ibérica (Hymenoptera, Formicidae). *Arquivos Entomolóxicos*, **22**: 401-416.
- Guénard, B.; Weiser, M.; Gómez, K.; Narula, N.; Economo, E.P. 2017. The Global Ant Biodiversity Informatics (GABI) database: a synthesis of ant species geographic distributions. *Myrmecological News*, **24**: 83-89.
- Restrepo, C.; Espadaler, X.; De Haro, A. 1985. Contribución al conocimiento faunístico de los formícidos del Macizo de Garraf (Barcelona). *Orsis (Organismes i Sistemes)*, **1**: 113-129.
- Roig, X.; Espadaler, X.; Cuscó, R.; García, F.; Gómez, K.; Serrano, S.; Vila, R. 2008. Hormigas en zonas gipsófilas. Primera cita de *Cardiocondyla batesii* Forel (Hymenoptera, Formicidae) y actualización del listado para Catalunya. *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa*, **42**: 189-192.
- Salata, S.; Borowiec, L. 2015. Redescription of *Temnothorax antigoni* (Forel, 1911) and description of its new social parasite *Temnothorax curtisetosus* sp. n. from Turkey (Hymenoptera, Formicidae). *Zookeys*, **523**: 129-148.
- Salata, S.; Borowiec, L.; Trichas, A. 2018. Taxonomic revision of the Cretan fauna of the genus *Temnothorax* Mayr, 1861 (Hymenoptera: Formicidae), with notes on the endemism of ant fauna of Crete. *Annales Zoologici (Warsaw)*, **68**(4): 769-808.

Seifert, B. 2018. *The Ants of Central and North Europe*. Lutra-Verlags, Tauer, 408 pp.

Sommer, F.; Cagniant, H. 1988. Étude des peuplements de fourmis des Albères orientales (Pyrénées-Orientales, France) (Seconde partie). *Vie et Milieu*, **38**: 321-329.




Fig. 1.- Obreira de *T. recedens* de Carballeda de Valdeorras (Ourense), vista lateral. Escala: 0,5 mm.

Fig. 2.- Distribución coñecida de *T. recedens* na Península Ibérica. Cadrado vermello: nova cita; círculos amarelos: citas bibliográficas.